

Concello de Viveiro

EXPTE.- 8538/2025.

RESULTADO DO PRIMEIRO EXERCICIO CORRESPONDENTE Á PROBA LEVADA A CABO ÁS 10:00 HORAS DO 27 DE MARZO DE 2026 POLO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DA PRAZA VACANTE CORRESPONDENTE AO POSTO DA RPT "PROFESOR/A" (EC2-/059) NA ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, SISTEMA OPOSICIÓN, ACCESO LIBRE.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 24 de outubro de 2025 Núm. 245, publícase a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas pola Alcaldía, en Viveiro o día 21 de outubro de 2025, polas que se inicia o proceso selectivo para a provisión en propiedade da praza vacante correspondente ao posto da RPT "Profesor/a" (EC2-/059) na Escala Administración Especial, Subescala Técnica, sistema oposición, acceso libre.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do luns, 24 de novembro de 2025, DOG Núm. 227, publícase o anuncio da convocatoria para prover unha praza vacante correspondente ao posto da RPT "Profesor/a" (EC2-/059) pola quenda de acceso libre (OEP 2023).

Resultando que no Boletín Oficial do Estado do martes, 02 de decembro de 2025, Núm. 289, para a provisión en propiedade da praza vacante correspondente ao posto da RPT "Profesor/a" (EC2-/059) na Escala Administración Especial, Subescala Técnica, sistema oposición, acceso libre, establecendo o prazo de presentación de solicitudes que será de 20 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación.

Vistas as bases xerais, xunto coas bases específicas e anexo que regula o proceso selectivo para a provisión en propiedade da praza vacante correspondente ao posto da RPT "Profesor/a" (EC2-/059) na Escala Administración Especial, Subescala Técnica, sistema oposición, acceso libre.

Vista a publicación da Resolución de Alcaldía da lista con carácter de definitiva de admitido/as e excluídos/as, o nomeamento do Tribunal e a citación do Tribunal para a súa constitución publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo en data 15 de marzo de 2026 publicada no taboleiro de edictos dixital.

Vista a publicación da Resolución de Alcaldía da nova lista con carácter de definitiva de admitido/as publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo en data 23 de marzo de 2026 publicada no taboleiro de edictos dixital.

Realizado o primeiro exercicio da fase de oposición o 27 de marzo de 2026.

Os membros do Tribunal proceden á corrección do primeiro exercicio dos aspirantes presentados en atención á base xeral 10.

Vista a base xeral 10, que sinala: "(...)PRIMEIRO EXERCICIO.—De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en contestar por escrito, no tempo que estableza o órgano de selección, a un cuestionario tipo test de 50 preguntas, con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias que integran o temario, que determinará o dito órgano de selección inmediatamente antes do inicio do exercicio.

Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada. Non se puntuarán as non contestadas. Cualificarase cunha puntuación de cero (0) a dez (10)



Concello de Viveiro

*puntos; é necesario para superalo obter un mínimo de cinco (5) puntos
Este exercicio versará sobre a totalidade do temario..."*

As puntuacións deste primeiro exercicio son as seguintes:

N.º DE CONTROL	PREGUNTAS BEN CONTESTADAS	PREGUNTAS MAL CONTESTADAS	PREGUNTAS EN BRANCO	PUNTUACIÓN
001	25	9	16	4,10
002	14	24	12	0,40
003	39	3	8	7,50
005	18	11	21	2,50

COMUNÍCASE aos aspirantes que se procederá á apertura das tarxetas de control identificativas de cada aspirantes, correspondentes a este primeiro exercicio, o **martes día 07 de abril de 2026 ás 10:00 horas** en acto público no salón de actos do Conservatorio de Música do Concello sito na Travesía da Mariña, Viveiro.

Os aspirantes disporán dun prazo de alegacións aos resultados deste primeiro exercicio de dous días hábiles a contar dende o día seguinte á data de publicación do resultado da apertura das tarxetas de control identificativas no taboleiro de anuncios dixital. Realizándose a publicación o martes 07 de abril de 2026, o prazo de alegacións comprenderá os días 08 e 09 de abril de 2026.

En Viveiro, á data que consta á marxe.

O Presidente,

D. Angel Soto Mosquera

Os/as vogais,

D. Xan Carballal López

Colaboradora

Dna. María Carmen Riveira Martínez

(Documento asinado dixitalmente á marxe)

O Secretario,

D. Antonio Río Rodríguez

D. Luis Rodil Fernandez

